

Área de
**CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS**

**ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO
DE VIGO**



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 25 DE ABRIL DE 2024

Ás 10:40 horas do día 25 de abril de 2024, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 22 de abril de 2024, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica
Olga Gómez Corbal, suplente do interventor xeral
Pablo Varela Ballesteros, economista da Dirección de Ingresos
José Angel Otero Lamas, xefe de área de Investimentos
Pedro M^a. Vázquez Iglesias, suplente da xefa do Servizo de Educación (asiste aos puntos 2a, 3a, 9a, 10a e 11a)
Secundino Otero Failde, xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo (asiste aos puntos 2b e 3b)
José Francisco Mourelle González, suplente do xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste aos puntos 2c, 3c, 5a e 6a)
María Gómez Janeiro, xefa da Unidade de Patrimonio Histórico (asiste aos puntos 11b)

Secretaria: D^a. María Dolores Sotelo Gallego

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos (procedementos abertos)

a) Procedemento aberto do servizo de xestión das Escolas Infantís Municipais de Tomás Alonso e Bouzas (62777-332) (emenda)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:42	Páxina 1 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAF59-AAE6CC-E7C7D3-FXBN6X-UMWSSX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 17 de abril de 2024, o 18 de abril, concedeuse un prazo de tres días a MEGADIVER SOCIOEDUCATIVA, S.L. (Lotes 1 e 2) para que emendasen a documentación persoal. En concreto debía presentar un novo DEUC no que indicara, na Parte IV ("Criterios de selección") se cumpre de maneira xeral, todos os criterios de selección, marcando o apartado correspondente, ou ben, se optaba pola opción de usar os criterios de selección de A a D, debía completar a solvencia técnica e profesional.

O devandito licitador presenta a documentación requirida dentro do prazo outorgado.

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade dos/as membros presentes admitir neste procedemento a MEGADIVER SOCIOEDUCATIVA, S.L. (Lotes 1 e 2) por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de recollida de animais extraviados e abandonados, atención do Centro Municipal de recollida de animais abandonados, xestión de colonias felinas, reses mostrencas e outros animais de competencia municipal do Concello de Vigo (16565-306) (emenda)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 17 de abril de 2024, o 18 de abril, concedeuse un prazo de tres días a CENTRO CANINO LA ERIA, S.C. para que emendasen a documentación persoal. En concreto debía presentar o Anexo II e un novo DEUC asinado dixitalmente por ambos representantes da licitadora.

O devandito licitador presenta a documentación requirida dentro do prazo outorgado.

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade dos/as membros presentes admitir neste procedemento a CENTRO CANINO LA ERIA, S.C. por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo integral de comunicacións do Concello de Vigo (10119-113) (emenda)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 17 de abril de 2024, o 18 de abril, concedeuse un prazo de tres días á UTE Telefónica de España S.A.U. (80 %) - Telefónica Móviles España S.A.U. (19 %) - Telefónica IoT & Big Data Tech S.A.U. (1 %), para que emendasen a documentación persoal. En concreto debía presentar ou ben documentación acreditativa da presenza na UTE de TELEFÓNICA SOLUCIONES DE



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:42	Páxina 2 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAF59-AAE6CC-E7C7D3-FXBN6X-UMWSSX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U., ou ben documento actualizado de autorizacións do membros efectivos da UTE.

O devandito licitador presenta a documentación requirida dentro do prazo outorgado.

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade dos/as membros presentes admitir neste procedemento a UTE Telefónica de España S.A.U. (80 %) - Telefónica Móviles España S.A.U. (19 %) - Telefónica IoT & Big Data Tech S.A.U. (1 %) por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

3. Apertura das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor (procedementos abertos)

a) Procedemento aberto do servizo de xestión das Escolas Infantís Municipais de Tomás Alonso e Bouzas (62777-332)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliábeil mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos/as membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de recollida de animais extraviados e abandonados, atención do Centro Municipal de recollida de animais abandonados, xestión de colonias felinas, reses mostrencas e outros animais de competencia municipal do Concello de Vigo (16565-306)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliábeil mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos/as membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo integral de comunicacións do Concello de Vigo (10119-113)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliábeil mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda conceder un prazo de 3 días á UTE Telefónica de España S.A.U. (80 %) - Telefónica Móviles España S.A.U. (19 %) - Telefónica IoT & Big Data Tech S.A.U. (1 %) para que poida emendar o sobre B mediante escrito asinado polo representante con poder de representación de Telefónica IoT & Big Data Tech S.A.U no que subscriba a oferta presentada pola UTE o 15 de abril de 2024 ás 13:28 horas, dado que a oferta só consta asinada pola representante de Telefónica de España S.A.U. e Telefónica Móviles España S.A.U.

Asemade, acorda, a Mesa, por unanimidade dos/as membros presentes, solicitar informe sobre a documentación ao servizo xestor unha vez recibida a emenda da UTE Telefónica de España S.A.U. (80 %) - Telefónica Móviles España S.A.U. (19 %) - Telefónica IoT & Big



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:42	Páxina 3 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAF59-AAE6CC-E7C7D3-FXBN6X-UMWSSX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Data Tech S.A.U. (1 %).

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro, instalación e configuración da electrónica de rede municipal incluíndo sistemas de comunicacións do cpd municipal, electrónica de rede de planta así como a electrónica de rede das sedes remotas (10202-113)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación entrégase o informe asinado polo técnico responsable de Seguridade Informática o 16 de abril 2024 de valoración do sobre B "proposición avaliábeil mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos/as membros presentes e, en vista do mesmo, a Mesa acorda, tamén por unanimidade dos/as membros presentes, excluír deste procedemento a ASAC COMUNICACIONES, S.L. e GLOBAL DOMINION ACCESS, S.A. por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A.1 do Anexo I –FEC- do PCAP ("Limiar mínimo de puntuación: aquelas ofertas que non obteñan unha puntuación mínima de 20 puntos, no conxunto de elementos a valorar mediante criterios dependentes de xuízo de valor, quedarán excluídas da licitación.").

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura das proposicións avaliábeis mediante fórmula (procedementos abertos e abertos simplificados), e se procede, proposta de clasificación ou clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro, instalación e configuración da electrónica de rede municipal incluíndo sistemas de comunicacións do cpd municipal, electrónica de rede de planta así como a electrónica de rede das sedes remotas (10202-113)

Procédese, en acto público, á apertura do sobre C "Proposición avaliábeil mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos equipos electrónica de rede de core ou nodo central	Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos equipos electrónica de rede de CPD	Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos equipos electrónica de rede de enrutamento OSPF	Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos equipos electrónica de acceso de 48 portos POE	Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos equipos electrónica de acceso de 24 portos POE
1	EDNON, S.L.	1.00%	1.00%	0.50%	19.45%	7.13%
2	SISTEMAS AVANZADOS DE TECNOLOGÍA, S.A. (SATEC)	15.00%	15.00%	15.00%	20.00%	20.00%



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:42	Páxina 4 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAF59-AAE6CC-E7C7D3-FXBN6X-UMWSSX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos equipos electrónica de rede de core ou nodo central	Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos equipos electrónica de rede de CPD	Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos equipos electrónica de rede de enrutamento OSPF	Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos equipos electrónica de acceso de 48 portos POE	Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos equipos electrónica de acceso de 24 portos POE
3	TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA S.A.U.	0.00%	0.00%	0.00%	0.00%	0.00%

Asiste como público á apertura:

1. Luciano Novo Albes, , en representación de SERVICIOS AVANZADOS DE TECNOLOGÍA S.A. (SATEC)
2. Verónica Torres Cepeda, en representación da empresa EDNON, S.L.
3. Victor Rodríguez Martínez, en representación de ASAC COMUNICACIONES, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos/as membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula

a) Procedemento aberto dos servizos de limpeza e de pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo (1534-613)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Educación o 18 de abril de 2024 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos/as membros presentes.

10.- Propostas de clasificación (procedementos abertos) ou clasificación (procedementos abertos simplificados)

a) Procedemento aberto dos servizos de limpeza e de pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo (1534-613)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos/as membros presentes, propónse á



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:42	Páxina 5 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAF59-AAE6CC-E7C7D3-FXBN6X-UMWSSX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto dos servizos de limpeza e de pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo (1534-613) na seguinte orde descendente:

	EMPRESA	PUNTUACIÓN TOTAL
1	SAMAÍN SERVICIOS A COMUNIDADE, S.A.	96,00
2	MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.	87,42
3	LIMPIEZAS CÍES, S.L.	86,47
4	EULEN, S.A.	75,71
5	PROINTAL, S.L.	73,72
6	SAMYL FACILITIES SERVICES, S.L.	69,94
7	CLN SERVICIOS INTEGRALES, S.L.	40,89
8	LIMPERGAL, S.L.	13,56

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, SAMAÍN SERVICIOS A COMUNIDADE, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo."

11. Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria (aq) dos colexios públicos e outros edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (26422-332)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación, lembra aos/ás membros da Mesa de Contratación que a resolución de clasificación, co requirimento da documentación do artigo 150 da LCSP, foi notificada a AVIO SOLUCIONES INTEGRADAS, S.A.U. (agora CLECE FS, S.A.) en 8 de abril de 2024.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:42	Páxina 6 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAF59-AAE6CC-E7C7D3-FXBN6X-UMWSSX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Este presenta a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira, da solvencia técnica e profesional, da habilitación profesional e das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, así como, o resguardo da garantías definitiva e os anexos IV e V do PCAP. Asemade, presentou os certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT e coa TGSS e figuran no expediente os certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias co Concello de Vigo e coa Seguridade Social.

En vista do anterior, a Mesa de Contratación comproba a documentación anterior, enumerada e explicada polo miúdo pola secretaria na sesión e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento, como segue:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria (aq) dos colexios públicos e outros edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (26422-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 11 de decembro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos de mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria dos Colexios Públicos e outros edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 21/08/2023, redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 27/11/2023 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos de mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria de Colexios Públicos e outros edificios dependentes do Servizo de Educación.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 417.580,20 € (345.107,61 € máis 72.472,59 € de IVE a soportar pola administración) para a contratación dos servizos de mantemento integral de instalacións de calefacción e auga quente sanitaria de Colexios Públicos e outros edificios dependentes do Servizo de Educación por procedemento aberto, con cargo á aplicación orzamentaria 3230.213.0000 "Mantemento Caldeiras, Calefacción e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:42	Páxina 7 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAF59-AAE6CC-E7C7D3-FXBN6X-UMWSSX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Depósitos G", que se desglosará nas seguintes anualidades:

- Anualidade 2024: 139.193,40 euros;
- Anualidade 2025: 139.193,40 euros;
- Anualidade 2026: 139.193,40 euros.

O valor estimado do contrato estipúlase en 575.179,35 euros.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 5 de abril de 2024 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento a **ELECNOR SERVICIOS Y PROYECTOS, S.A.**, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado pola xefa do Servizo de Educación o 20 de marzo de 2024.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria (aq) dos colexios públicos e outros edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (26422-332) na seguinte orde descendente:

	EMPRESA	PUNTUACIÓN TOTAL
1º	AVIO SOLUCIONES INTEGRADAS, S.A.U.	96,00
2º	SACYR FACILITIES, S.A.	80,93
3º	JESÚS SOAGE LOIRA	72,07
4º	MONCOBRA, S.A.	65,89

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, **AVIO SOLUCIONES INTEGRADAS S.A.U.**, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que debe acreditarse a habilitación profesional esixida segundo o apartado 5G do Anexo I -FEC- do PCAP.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:42	Páxina 8 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAF59-AAE6CC-E7C7D3-FXBN6X-UMWSSX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente.””

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, AVIO SOLUCIONES INTEGRADAS, S.A.U. (agora CLECE FS, S.A.), o día 8 de abril de 2024, que presenta a documentación requirida o 18 de abril de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- A escritura de constitución da licitadora, a de cambio de denominación social e a de perda da unipersoalidade, xunto co NIF, así como a escritura de apoderamento da representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (97.435,38 €), presentan as contas do ano 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (97.435,38 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2022 supera esta cantidade.
- Seguro de caución por un importe cada un de 13.892,00 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.
- Certificados positivos de débedas da AEAT e a TGSS.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 25 de abril de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar AVIO SOLUCIONES INTEGRADAS, S.A.U. (agora CLECE FS, S.A.), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:42	Páxina 9 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAF59-AAE6CC-E7C7D3-FXBN6X-UMWSSX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por AVIO SOLUCIONES INTEGRADAS, S.A.U. (agora CLECE FS, S.A.), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 28 de febreiro de 2024 e 20 de marzo de 2024, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Tomar razón da exclusión de ELEC NOR SERVICIOS Y PROYECTOS, S.A., por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado pola xefa do Servizo de Educación o 20 de marzo de 2024.*
2. *Adxudicar a AVIO SOLUCIONES INTEGRADAS, S.A.U. (agora CLECE FS, S.A.) o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria (aqg) dos colexios públicos e outros edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (26422-332) coas seguintes condicións:*
 - a) *O prezo total do contrato é de 336.186,50 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 58.346,42 euros.*
 - b) *Comprométese a incrementar o importe mínimo esixido na cláusula 4.3 do PPT (10.000 €/ano sen IVE) destinado ao mantemento en 10.000 € (dez mil euros) (sen IVE) .*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

b) Procedemento aberto dos servizos de divulgación dos espazos musealizados da fortaleza de Vigo (11434-307)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:42	Páxina 10 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAF59-AAE6CC-E7C7D3-FXBN6X-UMWSSX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



A continuación, lembra aos/ás membros da Mesa de Contratación que a resolución de clasificación, co requirimento da documentación do artigo 150 da LCSP, foi notificada a VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L. en 12 de abril de 2024. Este presenta a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira, da solvencia técnica e profesional, dos medios persoais e das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, así como, o resguardo da garantía definitiva e os anexos IV e V do PCAP. Asemade, figuran no expediente os certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias (coa AEAT, Concello de Vigo e ATRIGA) e coa Seguridade Social.

En vista do anterior, a Mesa de Contratación comproba a documentación anterior, enumerada e explicada polo miúdo pola secretaria na sesión e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento, como segue:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto dos servizos de divulgación dos espazos musealizados da fortaleza de Vigo (11434-307)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 23 de febreiro de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

1º.- Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do SERVIZO DE DIVULGACIÓN DOS ESPAZOS MUSEALIZADOS DA FORTALEZA DE VIGO.

2º.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado pola xefa de Patrimonio Histórico o 29 de decembro de 2023.

3º.- Aprobar o Prego de Prescricións Administrativas Particulares asinado pola técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación o 5 de febreiro de 2024.

4º.- Autorizar o gasto:

A) ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (IVE incluído): 169.438,84 euros

B) IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN (21%): 29.406,74 euros

C) VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: 140.032,10 euros

D) ANUALIDADES CON IVE E APLICACIÓN ORZAMENTARIA:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:42	Páxina 11 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAF59-AAE6CC-E7C7D3-FXBN6X-UMWSSX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Anualidade	Datas	Importes	Partidas
2024	23/07/2024 31/12/2024	36.565,35 euros	3360.2279903. Prestación servizos galerías muralla O Castro
2025	01/01/2025 31/12/2025	80.000 euros	3360.2279903. Prestación servizos galerías muralla O Castro
		4.473,05 euros	3360.2260900. Representacións histórico-cultural
2026	01/01/2026 22/07/2026	48.400,44 euros	3360.2279903. Prestación servizos galerías muralla O Castro

5º.- *Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."*

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 11 de abril de 2024 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto dos servizos de divulgación dos espazos musealizados da fortaleza de Vigo (11434-307) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L.	100,00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC-.*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L., o día 12 de abril de 2024, que presenta a documentación



Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



requirida o 19 de abril de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- A escritura de constitución da licitadora e a de ampliación do obxecto social, xunto coa escritura de nomeamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (59.303,59 €), presentan as contas do ano 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (59.303,59 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2023 supera esta cantidade.
- Solicitud de retención no prezo do contrato do importe da garantía definitiva requirida.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 25 de abril de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L., de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor, de 8 de abril de 2024, e o acordo da Mesa de Contratación, de data 11 de abril de 2024, polo que se outorga ao licitador a máxima



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:42	Páxina 13 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAF59-AAE6CC-E7C7D3-FXBN6X-UMWSSX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L. o procedemento aberto dos servizos de divulgación dos espazos musealizados da fortaleza de Vigo (11434-307) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 163.888,06 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 28.443,38 euros.*
- b) Incrementa a experiencia do coordinador e responsable do servizo con respecto ao mínimo esixido no apartado 5F desta FEC (5 anos) entre 11 e 15 anos.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:42	Páxina 14 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAF59-AAE6CC-E7C7D3-FXBN6X-UMWSSX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		